

¿Como preparar un bo arquivo en PDF?

A presentación do resumo do proxecto en PDF é importante para que o xurado experto que valorará os proxectos expostos en Galiciencia online 2021 poida coñecer con máis detalle en que consiste o voso proxecto.

O **formato** deberá ser o seguinte:

- Letra Arial 11.
- Interliñado 1.5.
- Títulos de apartados en negra.
- Máximo tres páxinas con imaxes incluídas.

O PDF deberá constar dos seguintes **apartados**:

1. **TÍTULO DO PROXECTO** (máx. 80 caracteres con espazos).
2. **DATOS PERSOAIS**: Nome e apelidos dos autores/as do proxecto e centro educativo ao que pertencen.
3. **RESUMO DO PROXECTO**: O resumo do traballo recollerá os aspectos máis relevantes dos diferentes apartados da descrición do traballo. Establécese un mínimo de 600 caracteres e un máximo de 800 caracteres utilizando un estilo divulgativo para explicar en que consiste o proxecto en cuestión.
4. **INTRODUCCIÓN**. Breve recordatorio do tema en estudo (coas citas adecuadas) xustificando o seu interese e expoñendo os seus obxectivos (máx. 800 caracteres con espazos).
5. **PROPÓSITO DO TRABALLO**. É necesario detallar a finalidade do traballo (máx. 800 caracteres con espazos).
6. **ESUDO DO ESTADO DA ARTE**. É necesario indicar todos aqueles desenvolvementos de última tecnoloxía realizados ata a data así como as fontes de onde se obtivo a información da idea e exposición do traballo (máx. 800 caracteres con espazos).
7. **HIPÓTESE**. Mediante esta prevese o posible resultado da investigación (máx. 800 caracteres con espazos).
8. **MATERIAL E MÉTODOS**. Ha de describir o proceso seguido para levar a cabo a investigación (máx. 800 caracteres con espazos).

CALICIENCIA

9. **RESULTADOS.** Ha de expoñer os resultados obtidos. É necesario achegar a súa interpretación e análise (máx. 800 caracteres con espazos).
10. **CONCLUSIÓNS.** Xeneralizacións que se poden realizar en base aos resultados obtidos. Enunciado dos novos coñecementos derivados do traballo unha vez contrastados coa literatura existente sobre o tema (máx. 800 caracteres con espazos).
11. **BIBLIOGRAFÍA.** É necesario indicar de forma detallada os arquivos, hemerotecas, fontes orais, fotografías utilizadas así como posibles visitas a lugares singulares... (máx. 800 caracteres con espazos).